

III. OUTRAS DISPOSICIÓNIS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2022 pola que se publica a oferta de emprego público desta universidade e dos seus entes adscritos para o ano 2022.

Primeiro. De acordo co disposto nos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, DOG nº 29, do 12 de febreiro; BOE núm. 50, do 27 de febreiro), a Universidade aprobará anualmente a súa oferta de emprego público.

Segundo. A oferta xeral correspondente ao persoal docente e investigador e ao persoal de administración e servizos configurouse de conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 20 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, así como no artigo 36 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, e foi autorizada polo Ministerio de Facenda e Función Pública mediante a Resolución do 5 de maio de 2022.

Terceiro. De conformidade coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e coa resolución da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, identifícaronse as prazas susceptibles de estabilización ordinaria e aquelas que, segundo as disposicións adicionais sexta e oitava da lei, deben ser obxecto, con carácter excepcional e por unha única vez, dun proceso de estabilización polo sistema de concurso.

Cuarto. De conformidade co anterior, esta oferta recolle catro anexos coa relación de prazas que xeraron ese dereito de estabilización e que afectan os tres colectivos que componen o persoal da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, os anexos mencionados inclúen o persoal indefinido non fixo declarado por sentenza que na entrada en vigor da lei non tivese convocado o proceso de selección da praza que ocupa, e engádese na relación de estabilización correspondente, segundo cumpran o criterio para a estabilización ordinaria prevista no artigo 2 da Lei 20/2021 ou na estabilización extraordinaria, se cumpren os criterios das disposicións adicionais sexta e oitava, en función do colectivo a que pertenzan.



Quinto. Por último, esta oferta incorpora unha promoción interna independente do persoal de administración e servizos en aplicación da reserva legal e convencional correspondente, tendo en conta as ofertas xeral e de estabilización.

Sexto. A oferta foi negociada e acordada coas organizacións sindicais con dereito a voto presentes na Mesa Xeral de Negociación o 18 de maio de 2022 e ratificada pola Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos o 20 de maio de 2022.

Sétimo. O Consello de Goberno, na súa sesión do 25 de maio de 2022, aprobou a oferta na súa totalidade e, así mesmo, dispón da preceptiva autorización emitida pola Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Oitavo. A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establece na súa disposición adicional séptima a extensión do ámbito de aplicación dos procesos de estabilización nos seguintes termos: “Os preceptos contidos nesta norma relativos aos procesos de estabilización serán de aplicación ás sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios do sector público, sen prexuízo da adecuación, de ser o caso, á súa normativa específica”.

Noveno. O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (Citmaga) son consorcios adscritos á Universidade de Santiago de Compostela que, en virtude do punto anterior, identificaron as prazas susceptibles de estabilización extraordinaria ao abeiro das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro. Ambos os dous acordaron, nos respectivos órganos de goberno, a aprobación das ofertas de estabilización extraordinaria e deron traslado á universidade.

Décimo. Na condición de presidente das dúas entidades, inclúense dous anexos finais coas ofertas destas entidades para os efectos da súa publicidade.

En vista do anterior e en virtude das competencias que me outorgan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Primeiro. *Publicidade das ofertas de emprego público*

Publicar a oferta de emprego público da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022, así como as ofertas das entidades dependentes CISUG e Citmaga.



Segundo. *Determinación da oferta de emprego público*

O anexo I recolle as prazas que se ofertan para cubrir as necesidades de recursos humanos no ámbito do persoal docente e investigador, con asignación orzamentaria, que deben proverse con cargo á taxa de reposición de efectivos prevista no 2022, polos sistemas de acceso libre e promoción interna. De conformidade co artigo 20 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, prevese a reserva nas categorías oportunas para a estabilización de investigadores que obtivesen o certificado I3 no marco do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia nacionais e internacionais.

O anexo II recolle as prazas que se ofertan para cubrir as necesidades de recursos humanos no ámbito do persoal de administración e servizos, con asignación orzamentaria, que deben proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso con cargo á taxa de reposición de efectivos prevista para o ano 2022.

O anexo III desta oferta inclúe as prazas de persoal docente e investigador que cumpren os requisitos das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021.

O anexo IV recolle as prazas dotadas orzamentariamente, no ámbito do persoal de administración e servizos, que estiveron ocupadas ininterrompidamente nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 e, de conformidade co artigo 2 da Lei 20/2021, as prazas de estabilizacións correspondentes aos anos anteriores que resultaron desertas nos procesos convocados, así como as prazas procedentes de sentenzas declarativas da condición de indefinido non fixo posteriores ao 1 de xaneiro de 2016.

O anexo V desta oferta inclúe prazas no ámbito do persoal de administración e servizos que cumpren os criterios previstos nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, incluído o persoal indefinido non fixo que corresponda.

O anexo VI desta oferta inclúe prazas no ámbito do persoal empregado investigador que cumpren os criterios previstos nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, incluído o persoal indefinido non fixo declarado con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

O anexo VII recolle unha promoción interna independente dirixida ao persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela.



O anexo VIII dá publicidade á oferta de emprego público do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) correspondente á estabilización extraordinaria de acordo coas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

O anexo IX dá publicidade á oferta de emprego público do Centro de Investigacións e Tecnoloxía Matemática de Galicia (Citmaga) correspondente á estabilización extraordinaria de acordo coas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Terceiro. *Reserva de prazas para discapacidade*

1. O artigo 59 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé a reserva dunha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no punto 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións.

2. Para dar cumprimento ao establecido no punto anterior, a reserva dun 5 por cento correspondente á oferta xeral do anexo I realizarase nas convocatorias que se publiquen en execución da oferta aprobada. Así mesmo, nos anexos II e VII resérvanse as prazas correspondentes para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade.

3. Os sistemas de selección que se convoquen para persoas con discapacidade desenvolveranse de conformidade co establecido no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

4. Nas probas selectivas, incluídos os cursos selectivos ou o período de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións e os axustes razonables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.



5. No suposto de que algunha das persoas aspirantes con discapacidade que se tivese presentado pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, e a súa puntuación fose superior á obtida polas outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

6. As prazas reservadas para as persoas con discapacidade xeral que quedasen desertas nos procesos selectivos poderan acumular á quenda xeral.

Cuarto. *Promoción interna separada do persoal de administración e servizos*

De conformidade co artigo 43 dos estatutos da USC, esta oferta establece no anexo VII un plan de promoción interna para o persoal laboral e funcionario cuxo número de prazas responde á reserva prevista nos instrumentos convencionais correspondentes para o persoal laboral e á prevista na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, para o persoal funcionario.

O artigo 70.3 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece que o decreto polo que se aprobe a oferta de emprego público poderá conter medidas derivadas da planificación dos recursos humanos.

Neste sentido, a promoción interna é unha das medidas derivadas da planificación dos recursos humanos que ten por obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e que constitúe unha vía para a adquisición de competencias e como requisito necesario para a progresión na carreira profesional desde niveis inferiores.

Disposición adicional única. *Acumulación de prazas correspondentes a ofertas de anos anteriores*

No ámbito do persoal de administración e servizos poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas ofertadas de persoal funcionario correspondentes aos corpos e ás escalas de persoal funcionario da Universidade de Santiago de Compostela e ás categorías de persoal laboral relacionadas no anexo da presente oferta xunto coas derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021 que estean pendentes de convocar.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2022

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela



ANEXO I
Oferta xeral de prazas de persoal docente e investigador

1. Sistema de acceso libre

1.1. Persoal docente e investigador contratado

Categoría	Número de prazas
Profesorado contratado doutor	50 (*)
(*) Seis destas prazas resérvanse para a estabilización de investigadores que obtivesen o certificado I3 no marco do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia nacionais e internacionais	

1.2. Persoal docente e investigador de corpos docentes universitarios

Corpo docente	Número de prazas
Profesorado titular de universidade	50 (*)
(*) Nove destas prazas resérvanse para a estabilización de investigadores que obtivesen o certificado I3 no marco do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia nacionais e internacionais	

2. Sistema de acceso por promoción interna

Corpo docente	Número de prazas
Catedrático/a de universidade	50

ANEXO II
Oferta xeral de prazas de persoal de administración e servizos

Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Acceso libre		Total
			Reserva de persoas con discapacidade	Libre	
PL000258	III	Técnico especialista TIC	-	1	1
PL000416	III	Técnico de investigación	1	-	1
PL000334	III	Técnico especialista en medios audiovisuais	-	1	1
Total			1	2	3

ANEXO III
Oferta de estabilización ordinaria de prazas de persoal de administración e servizos

Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PL001499	I	Técnico/a superior de investigación	1



Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PL001500	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001501	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001502	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001504	III	Técnico especialista de investigación	1
PL000296	III	Técnico especialista de investigación	1
Total			6

ANEXO IV
Oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal docente e investigador

Código da praza	Categoría	Total
VXNP0125	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0212	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0082	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0160	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0088	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0230	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0210	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0204	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0318	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0085	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0213	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0301	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
VXNP0196	Profesor/a laboral fixo asimilado a colaborador	1
Total		13

ANEXO V
Oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal de administración e servizos

Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PF000306	C2	Escala auxiliar	1
PF000318	C2	Escala auxiliar	1
PF000340	C2	Escala auxiliar	1
PF000359	C2	Escala auxiliar	1
PF000361	C2	Escala auxiliar	1



Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PF000375	C2	Escala auxiliar	1
PF000487	C1	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos	1
PF000580	C2	Escala auxiliar	1
PF000615	C2	Escala auxiliar	1
PF000636	C2	Escala auxiliar	1
PF000704	C2	Escala auxiliar	1
PF000705	C2	Escala auxiliar	1
PF000708	C2	Escala auxiliar	1
PF000902	A1	Escala técnica superior de administración	1
PF000903	A1	Escala técnica superior de administración	1
PF000904	A1	Escala técnica superior de administración	1
PF000905	A1	Escala técnica superior de administración	1
PF000907	A1	Escala técnica superior de administración	1
PF000969	A2	Escala de xestión da USC	1
PF000973	C2	Escala auxiliar	1
PL000092	I	Técnico/a superior de información	1
PL000195	II	Técnico/a xestor TIC	1
PL000197	II	Técnico/a xestor TIC	1
PL000211	II	Mestre/a, especialidade de educación infantil	1
PL000279	III	Técnico/a especialista TIC	1
PL000336	III	Técnico/a especialista de escola infantil	1
PL000339	III	Técnico/a especialista de escola infantil	1
PL000481	IV.1	Especialista de oficios	1
PL000482	IV.1	Especialista de oficios	1
PL000691	IV.1	Especialista de imprenta	1
PL000702	IV.1	Especialista de oficios	1
PL000713	IV.1	Especialista de oficios	1
PL000745	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000784	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000833	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000896	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000901	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000913	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000914	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1



Código da praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PL000936	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000960	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000975	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL000982	IV.1	Auxiliar técnico/a de servizos	1
PL001051	IV.2	Vixiante	1
PL001144	I	Técnico/a superior de linguas modernas (francés)	1
PL001234	III	Técnico/a especialista de escola infantil	1
PL001252	II	Técnico/a de prevención de riscos laborais	1
PL001299	II	Arquitecto/a técnico	1
PL001354	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001355	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001356	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001357	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001358	III	Técnico/a especialista de investigación	1
PL001359	III	Técnico/a especialista de investigación	1
PL001418	II	Arquitecto/a técnico	1
PL001422	I	Técnico/a superior de xestión	1
PL001423	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001425	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001426	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001427	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001428	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001429	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001430	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001431	I	Técnico/a superior de xestión	1
PL001434	III	Técnico/a especialista de investigación	1
PL001436	III	Técnico/a especialista de investigación	1
PL001460	I	Técnico/a superior de linguas modernas (alemán e español para estranxeiros)	1
PL001485	III	Técnico/a especialista de investigación	1
PL001487	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001488	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001503	I	Técnico/a superior de investigación	1
PL001505	II	Técnico/a de grao medio da área de investigación	1
Total			72



ANEXO VI

Oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal empregado investigador

Código	Dedicación	Categoría	Total
PEI0001	TP (75%)	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0002	TP (50%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0003	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0004	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0005	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0006	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0007	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0008	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0009	TC	Investigador/a colaborador/a	1
PEI0010	TP (75%)	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0011	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0012	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0013	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0014	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0015	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0016	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0017	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0018	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0019	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0020	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0021	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0022	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0023	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0024	TP (50%)	Auxiliar administrativo laboral (IV.1)	1
PEI0025	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0026	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0027	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0028	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0029	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0030	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0031	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1



Código	Dedicación	Categoría	Total
PEI0032	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0033	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0034	TC	Auxiliar administrativo laboral (IV.1)	1
PEI0035	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0036	TC	Técnico/a de grao medio de investigación (II.2)	1
PEI0037	TC	Técnico/a de grao medio de investigación (II.2)	1
PEI0038	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0039	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0040	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0041	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0042	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0043	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0044	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0045	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0046	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0047	TC	Investigador/a colaborador/a	1
PEI0048	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0049	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0050	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0051	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0052	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0053	TC	Auxiliar administrativo laboral (IV.1)	1
PEI0054	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0055	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0056	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0057	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0058	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0059	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0060	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0061	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0062	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0063	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0064	TP (75%)	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0065	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1



Código	Dedicación	Categoría	Total
PEI0066	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0067	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0068	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0069	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0070	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0071	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0072	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0073	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0074	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0075	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0076	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0077	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0078	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0079	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0080	TC	Auxiliar administrativo laboral (IV.1)	1
PEI0081	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0082	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0083	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0084	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0085	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0086	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0087	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0088	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0089	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0090	TP (75%)	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0091	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0092	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0093	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0094	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0095	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0096	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0097	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0098	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0099	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1



Código	Dedicación	Categoría	Total
PEI0100	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0101	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0102	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0103	TC	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0104	TP (75%)	Técnico/a superior de investigación (I.2)	1
PEI0105	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0106	TP (50%)	Investigador/a colaborador/a	1
PEI0107	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0108	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0109	TC	Auxiliar administrativo laboral (IV.1)	1
PEI0110	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0111	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0112	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0113	TC	Técnico/a superior de xestión (I.2)	1
PEI0114	TC	Investigador/a asociado/a	1
PEI0115	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1
PEI0116	TC	Investigador/a colaborador/a	1
Total			116

ANEXO VII

Promoción interna separada do persoal de administración e servizos

Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Reserva persoas con discapacidade	Xeral	Total
A1	Escala técnica superior de administración	-	5	5
A2	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos; esp. de bibliotecas	1	4	5
I	Técnico superior de xestión	-	5	5
II	Técnico de grao medio e-learning	-	1	1
II	Técnico de grao medio de investigación	1	4	5
III	Técnico de servizos xerais	1	18	19
Total		3	37	40



ANEXO VIII

Oferta de estabilización extraordinaria do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG)

Grupo	Categoría	Total
II	Técnico/a superior diplomado/a en informática	1
II	Xestor/a de documentación	1

ANEXO IX

Oferta de estabilización extraordinaria do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática (Citmaga)

Grupo	Categoría	Total
I	Técnico/a superior de xestión	3
I	Técnico/a superior de investigación	1

